PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP MONFORTE

2016-17

O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.

INDICE

INTRODUCIÓN 4

2.- MARCO LEGAL 4

3.- FINALIDADE DO PLAN 6

4.- DIAGNÓSTICO DA CONVIVENCIA NO CENTRO 7

4.1.- Características do centro e do entorno 7

4.2.- O espazo físico 7

4.3.- Contexto socioxeográfico 7

4.4.- Comunidade educativa 8

4.4.1.- A nivel interno 8

4.4.2.- A nivel externo 8

5.- NECESIDADES 8

6.- OBXECTIVOS 9

Xerais: 9

Específicos: 9

6.1.- En relación aos alumnos 9

6.2.- En relación ao profesorado 10

6. 3.- En relación á comunidade educativa 10

7.- DIRECTRICES BÁSICAS DE CONVIVENCIA 10

7.1.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA 12

7.1.1.- Composición 12

7.1.2.- Funcións 12

7.1.3.- Reunións 12

7.1.4.- Información das decisións 13

8.- ACTUACIÓNS 13

8.1.- Preventivas de conflitos 15

8.1.1.- Actividades facilitadoras da participación e integración do alumnado 15

8.1.2.- Actividades para favorecer a relación familia -centro educativo 16

8.1.3.- Actividades para a sensibilización fronte o acoso e a intimidación entre iguais 16

8.2.- De resolución de conflitos: Medidas reeducadoras e correctoras 16

9.- MODELO DE ACTUACIÓN EDUCATIVO-PEDAGÓXICO RESPECTO AO ALUMNADO QUE PRESENTA ALTERACIÓNS CONDUCTUIAIS 17

9.1.- Medidas para previr e detectar conflitos 17

9.2.- Resolución de conflitos 18

9.2.1.- Clasificación das condutas 18

9.2.2.- Aplicación da corrección 20

9.2.3.- Competencias para a aplicación da corrección 22

9.2.4.- Suspensión das sancións 24

9.2.5.- Prazos de prescrición 24

9.2.6.- Outras situacións de conflito no centro 24

10.- RESPONSABILIDADE DOS DIFERENTES ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE 25

10.1.- Profesores 25

10.2.- Claustro de profesores/Órganos de coordinación docente 25

10.3.- Titores 25

10.4.- Dirección do Centro 26

10.5.- Consello Escolar 27

10.6.- Comisión de convivencia 27

11.-PREVENCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR 28

12.-PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR 28

12.- DIFUSIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA 29

ANEXOS: 30

MODELO DE COMPROMISO DE CONVIVENCIA 31

FICHA DE SEGUIMENTO DO CONTRATO DE CONVIVENCIA 32

INTRODUCIÓN

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas; máis igualitarias, cohesionadas e pacíficas, nas que fenómenos como o acoso escolar, a violencia doméstica, a violencia de xénero, o maltrato... non teñan cabida.

A educación para a convivencia responde á necesidade de formar unha cidadanía preparada para desenvolver a súa vida respectándose a si mesma, ás demais persoas e responsabilizándose dos seus actos.

O centro educativo é un espazo onde compartir vivencias xuntos, iso é a convivencia. Desde que cada alumno e cada alumna traspasa o seu limiar, todo canto alí acontece, non só o que pasa dentro das aulas, adquire carácter educativo e pode facilitar ou dificultar a convivencia. Cando no centro xorden problemas de convivencia, todas as persoas da comunidade educativa deben ser parte da súa solución.

A elaboración deste Plan é, sen dúbida, un proxecto ambicioso que require un importante esforzo de toda a comunidade educativa, pero tamén é un reto que o centro debe asumir tendo un coñecemento o máis fondo posible da súa realidade de partida sobre a que ir artillando as súas propias accións de mellora, como un aspecto relevante do proxecto educativo do centro. Neste senso cobra unha vital importancia o labor que se debe levar a cabo desde a titoría coa conseguinte revitalización do plan de acción titorial (PAT).

O obxectivo final é a mellora da convivencia no centro e na comunidade educativa como resultado da análise, da reflexión e do acordo.

2.- MARCO LEGAL

O marco legal do Plan de convivencia hai que situalo no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. e ven especificado na exposición de motivos:

“A convivencia nos centros docentes constitúe en todas as sociedades desenvolvidas un motivo de preocupación crecente, que non se circunscribe unicamente aos problemas que supón o mantemento da disciplina nas aulas, senón tamén ás relacións entre o propio alumnado, o que levou a tomar conciencia da gravidade que revisten fenómenos como o acoso escolar. Galicia non é allea a esta realidade, e o feito de que, con carácter xeral, a situación da convivencia nos centros docentes non alcance un nivel de deterioración grave non debería eximir os poderes públicos de adoptar as medidas necesarias para propiciar un ambiente educativo que faga posible o pleno cumprimento dos fins da educación. A preocupación polos fenómenos de mala convivencia e de

acoso escolar nos últimos tempos comeza a ser, tristemente, unha nova cotiá. Do mesmo xeito, existe unha demanda latente por parte dos profesionais da educación de recoñecemento do seu labor e de dotación de ferramentas que permitan atallar dun xeito inmediato e eficaz as eventuais condutas que atenten contra o normal desenvolvemento da actividade docente.

Consciente de todo isto, a Comunidade Autónoma pretende a través desta lei crear e reforzar os instrumentos xurídicos que permitan acadar e manter un clima de convivencia de calidade e que, simultaneamente, dignifiquen a profesión docente. Neste sentido, a Comunidade Autónoma galega ten atribuída no artigo 31 do Estatuto de autonomía competencia plena sobre a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, consonte o punto 1 do artigo 81 dela, o desenvolvan, das facultades que atribúe ao Estado o número 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía, polo cal lle corresponde a responsabilidade, no marco da lexislación estatal citada, de regular a convivencia nos centros docentes e entre todos os membros da comunidade educativa.

Esta lei parte da convicción de que sen un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo non é posible dar cumprimento aos fins da educación nin permitir o aproveitamento óptimo dos recursos educativos que a sociedade pon á disposición do alumnado e, polo tanto, das familias. Para conseguir este obxectivo é necesaria a implicación de todos os membros da comunidade educativa -nais e pais, profesorado, persoal de administración e de servizos e alumnado-, así como da propia Administración educativa. A lei incide moi especialmente na corresponsabilidade das nais e pais ou titoras ou titores na devandita tarefa, e por iso vincula a regulación da convivencia nos centros docentes ao establecemento de canles para a participación directa daqueles no ensino e no propio proceso educativo. Así mesmo, pretende recoller as lexítimas aspiracións do profesorado de ver recoñecida debidamente a súa función pola sociedade e polos poderes públicos, de dispoñer das facultades necesarias para o mantemento da disciplina escolar e de recibir a protección xurídica necesaria para o exercicio das súas funcións".

Tanto na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa como no DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, resaltan os valores e as actitudes cívicas para unha mellora do clima social dos centros a través das competencias clave, concretada na Competencia clave 5º: As Competencias sociais e cívicas (CSC).

NORMATIVA EN MATERIA DE CONVIVENCIA ESCOLAR

- Lei 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (LODE)

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común
- Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal
- Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación coas modificacións introducidas pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOE-LOMCE)
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e de mulleres
- Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras función docentes.
- Real Decreto 1720/2007, do 27 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan as instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia
- **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.**

3.- FINALIDADE DO PLAN

"O que pretendemos é regular a convivencia no noso centro, dentro do marco normativo e xurídico; facilitando a participación de toda a comunidade educativa, dos seus actores principais, estudando a realidade socio- educativa do centro, facendo investigación para implementar a toma de decisións e aceptación de medidas, que nos permitan unha mellora non só a nivel de convivencia escolar, clima social senón tamén na mellora da oferta educativa".

4.- DIAGNÓSTICO DA CONVIVENCIA NO CENTRO

O seguimento da convivencia escolar no centro, ven amosando que a evolución social destes últimos anos fai necesario sistematizar e consensuar novas medidas tanto a nivel preventivo, como chegado o caso, sancionadoras de comportamentos que vulneran os dereitos persoais e que facilitan a convivencia e participación no centro.

Tal é o caso, do incremento, de agresións entre compañeiros, que sen chegar a ser grave si é preocupante; xa que non parecen ser conscientes da gravidade que conleva o non ser capaz de controlar os propios impulsos e de resolver as discrepancias a golpes.

4.1.- Características do centro e do entorno

É un colexio público e, en consecuencia, está baixo a titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Impártese o 2º ciclo de E. Infantil e a Educación Primaria, contando na actualidade coas seguintes unidades:

Educación Infantil (2º ciclo): 4 unidades (3 unidades creadas e 1 unidade habilitada).

Educación Primaria: 12 unidades (dúas por nivel).

O nivel económico e socio -cultural das familias é moi diverso: dende un nivel moi baixiño a outras cun amplo poder adquisitivo e nivel socio- cultural; o que permite, en certa medida, mellorar os niveis de aprendizaxe.

No centro conviven distintas relixións: católicos, musulmáns, xudeus , evanxelistas, ... culturas e tipos de familias en harmonía.

4.2.- O espazo físico

O edificio escolar consta de tres plantas (baixa, primeira e segunda), comunicadas por dúas escaleiras e un ascensor, un patio cuberto, patios de recreo e zona axardinada.

4.3.- Contexto socioxeográfico

O CEIP Monforte situase na zona norte da cidade, a carón da Rolda Mª Emilia Casas Baamonde e do Río Cabe, relativamente cerca do centro urbano, de onde provén a maior parte do seu alumnado.

A meirande parte do alumnado é monfortino, procedente do casco urbano (temos unha clara minoría procedente das aldeas e parroquias), pero tamén acollemos alumnado doutras comunidades e doutros países (especialmente sudamericáns, romaneses e marroquís).

4.4.- Comunidade educativa

4.4.1.- A nivel interno

Os profesores manifestan maioritariamente que o comportamento dos nosos alumnos é, habitualmente, bo e respectuoso.

Encóntranse a gusto no Centro. As condutas mais reprobadas polo profesorado son as que teñen que ver cos alumnos que demostran pouco interese polas súas clases, que non traballan, que non traen o material necesario, que non prestan atención e/ou distraen aos seus compañeiros, interrompendo a marcha normal da clase. Dan unha importancia especial ao comportamento que supón falta de respecto ao profesor, cando esta se acompaña dun enfrontamento público que poda implicar menoscabo da autoridade do profesor ante o resto dos alumnos.

Tamén se concede especial importancia ás condutas que supoñan discriminación, racismo ou xenofobia, especialmente agora que están matriculándose no noso Centro alumnos procedentes doutros países.

Ás familias preocúpalles principalmente aquelas condutas dos alumnos que interfiren no proceso de ensinanza/aprendizaxe dos seus fillos, que impiden que as clases se desenvolvan nas mellores condicións e non podan aproveitarse debidamente.

Os alumnos conceden especial importancia a que se respecten a súa integridade física, as súas pertenzas e a que o comportamento dos compañeiros non dificulte que as clases podan impartirse con normalidade.

4.4.2.- A nivel externo

Os pais conceden gran importancia ás reunións Centro –Familia, pero non todos están dispostos a participar na Asociación de Nais e Pais. Valoran moi alto que os nenos adquiran moitos coñecementos, que teñan boas cualificacións e que sexan solidarios cos seus semellantes. A relación coas familias é boa, con reunións de información e coordinación de carácter global e particular nas horas fixadas na a PXA. É relevante a actuación dos titores na coordinación coas familias. As situacións particulares que afectan á convivencia e resolución de conflitos no Centro soen ser comentadas coa familia se procede algún tipo de intervención ou información da conduta.

5.- NECESIDADES

Vemos a necesidade de desenvolver un modelo de convivencia e clima escolar integrado, no que o centro educativo estea implicado no reto de crear espazos de convivencia democráticos e pacíficos, por medio dun documento verdadeiramente útil, realista, dinámico e adaptado as peculiaridades e necesidades do centro, que axude a mellorar o entramado de relacións que en toda a comunidade educativa se establecen e a mellorar, en definitiva, a vida social do centro.

Non convén pensar que a convivencia se pode reducir a una mera aplicación de medidas disciplinarias. A convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e forma parte fundamental de todo proceso educativo. Para conseguir unha boa convivencia no Centro e para lograr un clima participativo e democrático é necesario asumir a educación en todas as súas dimensións, que comprenden tanto a transmisión e adquisición de coñecementos, habilidades e técnicas, como o desenvolvemento das actitudes, valores e normas que gozan do consenso das sociedades libres e democráticas. Débese considerar a convivencia, sancións incluídas, como unha parte mais do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

6.- OBXECTIVOS

Xerais:

a)Clarificar, difundir e concretar o modelo de convivencia que se quere establecer no centro educativo.

b)Propiciar que os alumnos aprendan e practiquen os valores, actitudes e comportamentos que se espera alcancen como cidadáns libres, responsables e solidarios ao final da súa escolarización.

c)Favorecer a aprendizaxe e a integración escolar de todos os alumnos na liña da convivencia positiva e pacífica.

d)Potenciar a intervención eficaz nos problemas de convivencia e na resolución pacífica dos conflitos.

e) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.

f) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia no centro.

g) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

Específicos:

6.1.- En relación aos alumnos

-Conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminación algunha.

- Fomentar no centro educativo os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade.

- Facilitar a resolución pacífica dos conflitos.

6.2.- En relación ao profesorado

-Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento e resolución dos conflitos que puideran presentarse no centro; en especial, as manifestacións de violencia e, con especial énfase na violencia contra as mulleres e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas, aprendendo a utilizalos como fonte de experiencia de aprendizaxe

6. 3.- En relación á comunidade educativa

-Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para mellorala.

-Facilitar aos órganos de goberno, ao profesorado e ao resto de membros da comunidade escolar instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura, da convivencia, a resolución de conflitos, a prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.

-Desenvolver accións que faciliten a mellora das relaciones entre os membros da comunidade educativa.

-Fomentar a existencia das actividades, espazos e tempos para mellorar as relacións entre os membros da comunidade educativa.

-Dar prioridade á formación de todos os membros da comunidade educativa e, de modo especial, do profesorado, para a convivencia positiva e pacífica.

-Promover a colaboración dos diferentes sectores da comunidade educativa nesta materia.

7.- DIRECTRICES BÁSICAS DE CONVIVENCIA

En materia de convivencia e disciplina, o profesorado e o persoal non docente están sometidos á normativa correspondente que se recolle no Decreto 4/2009, do 23 de xaneiro, polo que se regula a convivencia nos centro docentes e establécense os dereitos e deberes dos seus membros.

A convivencia abordase desde unha visión construtiva e positiva, polo que as normas que a regulan van encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos adecuados para convivir mellor e resolver conflitos, a través da participación da existencia de bos canles de comunicación e da prevención de problemas de conduta. Así, pois, atenderanse ás seguintes directrices:

1. É necesario ter unhas regras de boa convivencia e unha normativa que regule o funcionamento de Centro que sexan claras, precisas e concisas. Na súa elaboración, difusión e aplicación terase sempre en conta que:
   a.As normas deben ser poucas, claras e coherentes.

b. A persistencia na esixencia das normas é determinante á hora de conseguir que se interioricen.

d. Os mesmos comportamentos deben ter sempre as mesmas respostas.

e. Cómpre facer participe a toda a comunidade educativa da elaboración das normas de convivencia.

2. Os principios que rexerán a aplicación das correccións serán:

• **Educación**: Cando a comisión dunha falta faga necesaria a adopción de medidas disciplinarias, as correccións que se impoñan deberán ter un carácter educativo e deberán contribuír ao proceso xeral de formación e recuperación do alumno; polo que en ningún caso ditas correccións afectarán ao seu dereito á educación e á avaliación. A sanción acompañarase de pautas sobre como actuar.

• **Asertividade**: O alumno debe comprender que se corrixe o comportamento e non á persoa. Cando se comunique e aplique a sanción, haberá que recordar de maneira firme e sen mostrar alteración emocional a conduta realizada e a sanción que lle corresponde.

• **Inmediatez:** Para que as correccións sexan efectivas han de aplicarse o máis próximas posibles ao momento en que as faltas sexan cometidas, desta forma o alumno establecerá a asociación conduta- consecuencia.

• **Proporción:** A corrección será proporcionada á falta, téndose en conta as circunstancias concretas que a rodeen. En función da conduta e da gravidade das súas consecuencias, aplicarase algunha das seguintes medidas:

- ✓ Realización de tarefas educadoras fóra ou en horario lectivo (si procede dirixidas a reparar o dano causado).
- ✓ Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias del centro.
- ✓ Cambio de grupo.
- ✓ Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases.
- ✓ Suspensión do dereito de asistencia ao centro.
- ✓ Cambio de centro.

• **Consistencia:** O castigo debe responder a criterios de consistencia (os mesmos actos serán sancionados sempre) e deberá ser o suficientemente intensa como para que, coa maior brevidade posible, o alumno deixe de repetir estes actos. As mesmas condutas terán sempre as mesmas consecuencias, sen prexuízo dos atenuantes e agravantes que concorran naquelas.

• **Interese xeneral:** Á hora de aplicar as correccións considerarase a repercusión que as faltas teñan no resto do alumnado e nos seus dereitos.

3. Procedemento disciplinario:

O procedemento disciplinario está recollido no NOFC do Centro.

7.1.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A Comisión de Convivencia do Centro depende do Consello Escolar e é a encargada de dinamizar, realizar propostas, avaliar e coordinar todas aquelas actividades do Plan de Convivencia que, desde os distintos sectores da Comunidade Educativa se propoñan e poidan levarse a cabo.

7.1.1.- Composición

A Comisión de Convivencia do CEIP de Monforte estará constituída por:

- Director/a, do centro, que exercerá a presidencia.
- O/a Xefe de Estudos.
- Dous profesores/as (un deles debería ser o orientador/a).
- Catro pais/nais do alumnado.

Os membros da Comisión de Convivencia serán elixidos en cada un dos sectores polos seus representantes no Consello Escolar.

Se no Consello Escolar hai un membro designado pola ANPA do centro, este será un dos representantes dos pais/nais na Comisión de Convivencia.

Actuará como secretario/a da Comisión de Convivencia o profesor ou profesora de menos antigüidade.

7.1.2.- Funcións

a. Mediar nos conflitos orixinados polas condutas graves e gravemente prexudiciais para a convivencia do Centro.
b. Estudar xunto á Dirección os casos graves e gravemente prexudiciais para a convivencia do Centro e asesorar ao Equipo Directivo nas medidas correctoras a adoptar en cada caso.
c. Propoñer actividades para que sexan incluídas no Plan de Convivencia.
d. Ser informada das actividades do Plan de Convivencia a realizar e participar na toma de decisións sobre o seu desenvolvemento.
e. Avaliar aquelas actividades que figuren no Plan de Convivencia.
f. Ser informada mensualmente pola Xefatura de Estudos dos casos nos que os alumnos foron corrixidos por observar condutas contrarias ás Normas de Convivencia.
g. Elaborar un informe trimestral que recolla as incidencias producidas neste período, as actuacións levadas a cabo e os resultados obtidos.

7.1.3.- Reunións

A Comisión de convivencia reunirase polo menos ao comezo e ao final de curso e unha vez por trimestre. Ademais reunirase cando a ocasión o requira para ser informada, consultada ou sexa

necesario tomar unha decisión. A convocatoria destas reunións deberá ter en conta a dispoñibilidade horaria de todos os seus membros para facilitar a súa asistencia.

7.1.4.- Información das decisións

As conclusións e acordos tomados despois de cada reunión da Comisión de Convivencia poderá ser coñecida por todos os sectores da Comunidade Educativa a través dos comunicados que aquela realice, e colocaranse no taboleiro de anuncios da Sala de Profesores para coñecemento de todos os seus membros. De forma preceptiva, o Consello Escolar, nas súas reunións periódicas, recibirán toda a información que a Comisión de Convivencia produza.

Coherencia na aplicación das normas.

A Comisión de Convivencia garantirá que as normas de convivencia se apliquen de forma coherente por todos e cunha finalidade esencialmente educativa.

8.- ACTUACIÓNS

O plan de actuación da Comisión de Convivencia levarase a cabo de acordo coas funcións que se lle encomendan dende o artigo 8 do Decreto 19/2007:

a) Canalizar as iniciativas de todos os sectores da comunidade educativa para mellorar a convivencia, o respecto mutuo, así como promover a cultura da paz e a resolución de conflitos.

Levar a cabo esta función supón:

- **Incentivar a utilización da comunicación e da participación** nos distintos sectores da comunidade educativa, utilizando todas as canles de comunicación que ten o centro.
- **Coñecer, analizar e realizar propostas de mellora** sobre aqueles aspectos da vida do centro que non favorecen a convivencia, o respecto e a tolerancia. Para analizar estes aspectos elabóranse enquisas.
- **Impulsar**, na aula, **o traballo sistemático** dos contidos actitudinais ou dos contidos ou eixes transversais que eduquen no desenvolvemento como persoa e ensinar a convivir.
- **Promover** nos distintos órganos de goberno, de participación e de coordinación docente que **a convivencia, o respecto e a tolerancia** son un dereito e un deber de todos os integrantes da comunidade educativa.
- **Fomentar e desenvolver actividades** que inviten ao análise e reflexión **sobre valores** tan fundamentais como a liberdade, a responsabilidade, a igualdade, o respecto, a solidariedade, a tolerancia …

  Neste sentido realizaranse no centro actividades para celebrar as seguintes datas:

- 20 de novembro.- Día Internacional dos dereitos das nenas e dos nenos.
- 25 de novembro.- Día Internacional contra a violencia das mulleres.
- 6 de decembro.- Día da Constitución.
- 10 de decembro.- Día dos Dereitos Humanos.
- 30 de xaneiro.- Día Escolar da Non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo.- Día Internacional da Muller.
- 21 marzo.- Día contra o Racismo.
- 9 de maio.- Día de Europa.
- 17 de maio.- Día das Letras Galegas.
- 5 de xuño- Día mundial do Medio Ambiente

b) **Desenvolver iniciativas que eviten a discriminación do alumnado, establecendo plans de accións positiva que posibiliten a integración de todos os alumnos e alumnas.**

O respecto ás características individuais é fundamental para a convivencia. Neste sentido a Comisión de Convivencia impulsará:

- **Un currículo respectuoso coas características do alumnado do centro.** Que contemple a diversidade como medida habitual no tratamento de calquera contido, non desde o punto de vista da segregación senón da inclusión. Non debemos entender a diversidade como un problema senón como un valor a desenvolver.
- **Atender á diversidade.** Cando se esquece a diversidade do alumnado e nos centramos demasiado nos contidos académicos e non nas competencias clave, aparece alumnado que pensa que o centro ou a aula non é o seu lugar. Deste modo segregarémolo e as condutas de conflito poden ser unha forma de sentirse de novo no grupo.
- **Analizar posibles focos de discriminación social e escolar** (por razóns de sexo, económicas, étnicas, tipos de comportamento, …). Investigar a súas causas e, en consecuencia, establecer plans de acción.
- **Analizar os comportamentos do alumnado nos distintos ámbitos e espazos do centro** (aulas, corredores, servizos, patio de recreo, actividades complementarias, ...), evitando calquera tipo de discriminación e fomentando polo contrario a cooperación, a participación e as relacións interpersonais.

c) Coñecer e valorar o cumprimento efectivo das correccións e medidas disciplinarias nos termos que foran impostas.

d) Propoñer ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia no centro.

Para iso en todas as sesións do Consello Escolar haberá un punto sobre Convivencia no centro.

e) Dar conta ao pleno do Consello Escolar, polo menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións realizadas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

f) Realizar por delegación do Consello Escolar, o seguimento do Plan de Convivencia e coordinación de actuacións e medidas contidas no mesmo. Así mesmo, valorará os avances que se produzan no seu desenvolvemento, identificará as dificultades e proporá ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia no centro.

- Ás reunións da Comisión de Convivencia relacionadas co seguimento e supervisión do Plan de Convivencia incorporarase a persoa responsable da orientación no centro, así como a persoa designada polo Consello Escolar para impulsar medidas que fomenten a igualdade real e efectiva entre os homes e as mulleres.

8.1.- Preventivas de conflitos

Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

Entendemos que a prevención dos dereitos dos membros da comunidade educativa **pasa**, en primeiro lugar, **polo coñecemento dos mesmos**. Un modo de previr, será facelos públicos a través de debates e discusión a comezo de cada curso sobre o Plan de convivencia e as súas normas tanto con pais/nais como co alumnado.

- Responsables: Titores e Equipo directivo.
- Recursos: Material impreso sobre as normas de convivencia.
- Metodoloxía: Charla- debate activa e participativa cos pais/nais.
- Temporalización: 1 sesión coas familias e 1 ou 2 sesións co alumnado.

Estamos convencidos de que previr é **establecer as condicións necesarias** para que, o clima de convivencia no centro permita solucionar a maioría dos conflitos mediante o diálogo, a participación, a comprensión e o consenso.

O centro entende que previr é **adoptar as medidas para que, no colexio, se eduque na convivencia,** no respecto ás persoas e aos bens materiais, a buscar a verdade, a escoitar e a participar.

Previr é comprobar que o **currículo** que se leva a cabo no centro é **adecuado ás características do alumnado**, que respecta a diversidade, que fomenta a participación, a discrepancia e o diálogo.

8.1.1.- Actividades facilitadoras da participación e integración do alumnado

1º.- **Actividades encamiñadas a facilitar a integración e a participación do alumnado**

A.- <u>Acollida para o alumnado que se matricule no centro por primeira vez</u>

a) O equipo directivo presentará e ensinará ó novo alumnado e aos seus pais as diferentes dependencias do centro e acompañarao á súa aula.

b) O profesorado, especialmente o titor/a acollerá ao novo alumno ou alumna e encargarase da súa integración no grupo. A Integración do alumnado de novo ingreso no centro, xa sexa de nacionalidade española como de calquera outra nacionalidade realizase de forma natural, integrándoos en aula e enviándoos á aula de apoio en caso de necesidade por descoñecemento do idioma.

c) O profesor realizará unha avaliación inicial, que inclúa coñecementos e habilidades comunicativas e sociais, para determinar o nivel educativo do alumno/a.

B) Facilitar o coñecemento por parte de todo o alumnado das normas de convivencia.

a) Durante a primeira semana de cada curso escolar o titor/a informará ao alumnado das normas de convivencia, xerais de centro; establecendo as particulares da aula, así como especificando os dereitos e os deberes dos alumnos/as e as correccións ou medidas disciplinarias que, no seu caso se aplicarán.

8.1.2.- Actividades para favorecer a relación familia -centro educativo

O Equipo directivo recibirá á familia do alumnado de novo ingreso, solicitará a documentación, verificando si houbo escolarización previa, informando sobre os recursos que poden solicitar, funcionamento do centro, horarios, normas, dereitos e deberes dos alumnos e dos pais.

8.1.3.- Actividades para a sensibilización fronte o acoso e a intimidación entre iguais

a) Elaboración de decálogos para erradicar a violencia desde as relacións que se establecen na escola durante a primeira semana de curso.

b) Sensibilizar aos pais con dípticos elaborados pola Comisión de Convivencia e/ou Departamento de Orientación.

8.2.- De resolución de conflitos: Medidas reeducadoras e correctoras

Mediar nos conflitos que xurdan, por parte da Comisión de Convivencia suporá:

- Analizar que pasou e sobre todo por qué. Permitir aos interesados que se expresen, que manifesten as súas emocións e sentimentos sobre ese momento do incidente.
- Interpretar o que sucedeu atendendo a varios factores como: a oportunidade da acción, o momento, a situación, as consecuencias da acción, a súa reiteración, a proximidade coa que foi percibida ou xulgada … xa que todo iso subliña a importancia do contexto á hora de interpretar e proporcionar orientacións sobre a convivencia na aula ou no centro. En consecuencia, un conflito producido debe ser un tema de análise na Comisión de Convivencia, non soamente para estudar este conflito, senón para previr que poda darse outro de características similares.

9.- MODELO DE ACTUACIÓN EDUCATIVO-PEDAGÓXICO RESPECTO AO ALUMNADO QUE PRESENTA ALTERACIÓNS CONDUCTUIAIS

9.1.- Medidas para previr e detectar conflitos

1.Presentar o Plan de Convivencia a toda a comunidade educativa (pais, profesores, alumnos, persoal non docente,...)

2.Debater, e fomentar o traballo en equipo cos alumnos sobre o plan de convivencia e a necesidade dunhas normas para favorecer a convivencia no Centro e na aula.

3.Establecer canles para facilitar o coñecemento, comunicación e integración dos alumnos no grupo clase.

4.Avaliar a marcha da convivencia da clase unha vez ao final de cada trimestre e analizalo nas sesión de avaliación.

5.Unificar os criterios de aplicación das normas na aula por parte do todos os profesores.

6.Fomentar valores de respecto, tolerancia, xustiza, igualdade, solidariedade, aceptación da diversidade e resolución de conflitos dunha forma non violenta.

7. Celebrar o día 30 de xaneiro “Día da Paz”.

8. Fomentar o autocontrol, a relación e asertividade mediante a educación de habilidades sociais e intelixencia emocional.

9. Sensibilizar contra o maltrato entre iguais (acoso escolar).

10.Potenciar o funcionamento da Escola de Pais.

Outras medidas para detectar e resolver conflitos como:

- **Vixilancia:** Durante o tempo no que os alumnos se encontran dentro das instalacións do colexio, estarán debidamente atendidos coa vixilancia e presenza continua do profesorado (ou pais/nais no caso do recreo do comedor): corredores, patios, zona polideportiva e demais espazos do recinto escolar, así como nas entradas e saídas o Centro.
- **Entrevistas co alumno:** a través de entrevistas dos alumnos cos profesores, titores, e directora pódense previr e detectar conflitos.
- **Titorías cos pais/nais:** ao longo do curso realizaranse entrevistas cos pais e nais co fin de previr e detectar conflitos.
- **Alumnos observadores:** Son potencialmente todos os alumnos, en tanto que calquera pode ser testiño dunha agresión, falta de respecto, maltrato... Trátase de concienciar de que é esencial comunicar ao titor e/ou directora calquera caso de agresión e/ou maltrato do que se teña coñecemento.

9.2.- Resolución de conflitos

9.2.1.- Clasificación das condutas

As alteracións da convivencia poderán ser clasificadas como **condutas contrarias ás normas de convivencia no Centro** e **condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no Centro.**

Considéranse condutas contrarias ás normas de convivencia do Centro as que non tendo a consideración de "gravemente prexudiciais para a convivencia " estean nos seguintes supostos:

a) Manifestacións contrarias aos valores democráticos legalmente establecidos.
b) As faltas inxustificadas de puntualidade (a partires de dez minutos) ou de asistencia a clase.
c) A falta de colaboración sistemática do alumno na realización das actividades orientadas ao desenvolvemento do currículo, así como a negativa sistemática a acudir á clase co material necesario.
d) Os actos que perturben o desenvolvemento normal das actividades da clase e do Centro, impedindo ou dificultando o exercicio do dereito ao cumprimento do deber/dereito de estudio dos compañeiros.
e) Os actos menores de indisciplina, incorrección ou desconsideración cara o profesor/a, os compañeiros/as e outros membros da comunidade educativa.
f) A introdución e/ou utilización de calquera tipo de elemento ou dispositivo non permitido polas normas do Centro.
g) Causar deterioro ou dano de forma intencional ou por un uso inadecuado nas instalacións do Centro, recursos materiais ou nas pertenzas dos membros da comunidade educativa.
h) A incitación á comisión dunha falta contraria ás normas de convivencia.
i) A negativa a trasladar aos pais ou titores a información facilitada no Centro.
j) A incorrección na presenza, motivada pola falta de aseo persoal ou na indumentaria, que puidera provocar unha alteración na actividade do Centro; así como a presenza de parásitos na cabeza (piollos, liendres, ...)
k) A introdución e/ou o consumo no Centro de sustancias nocivas para a saúde (tabaco, alcol...).
l) Calquera outra incorrección que altere o normal desenvolvemento da actividade escolar, que non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

Considéranse **condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no Centro.**

a) Os actos graves de indisciplina, desconsideración, insultos, faltas de respecto ou actitudes desafiantes; a agresión física ou moral, a discriminación ou ofensas graves, e a falta de respecto á integridade e dignidade persoal, contra o profesorado ou outros membros da

comunidade educativa, así como as vexacións ou humillacións que por razón de sexo, relixión opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social puideran realizarse.

b) A reiteración ao longo dun curso de tres ou máis condutas contrarias á convivencia no Centro.

c) O acoso físico ou moral, as ameazas e as coaccións a calquera membro da comunidade educativa, especialmente entre iguais.

d) A suplantación de personalidade e actos da vida docente e a falsificación ou subtracción de documentos académicos.

e) O deterioro grave nas instalación, materiais, documentos do Centro ou nas pertenzas doutros membros da comunidade educativa.

f) A realización de actos ou a introdución no Centro de obxectos ou sustancias perigosas para a saúde e para a integridade persoal dos membros da comunidade educativa, ou a incitación aos mesmos ou ao seu consumo.

g) A gravación, publicidade ou difusión, a través de calquera medio ou soporte de agresións ou condutas inapropiadas.

h) A perturbación moi grave do normal desenvolvemento das actividades do Centro e, en xeral, calquera incumprimento moi grave das normas de convivencia.

i) As condutas tipificadas como contrarias ás normas de convivencia do Centro si concorren circunstancias especialmente agravantes, como abuso de poder, colectividade, publicidade intencionada.

j) O incumprimento das sanción impostas.

k) A incitación ou estímulo á comisión dunha conduta gravemente prexudicial para a convivencia do Centro.

l) Calquera outra incorrección que altere gravemente o normal desenvolvemento da actividade escolar.

Considéranse **circunstancias atenuantes:**

a) O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta e/ou a presentación de escusas.

b) A ausencia de intencionalidade para causar dano ou perturbar a normal convivencia do Centro.

c) A reparación espontánea dos danos físicos ou morais producidos.

d) O carácter ocasional da falta na conduta habitual do alumno.

e) A presentación espontánea de desculpas ao profesorado recoñecendo haber cometido un acto contrario ás normas de convivencia.

f) A vontade de levar a cabo procedementos conciliadores na resolución de conflitos e de dar cumprimento aos acordos que se alcancen.

Considéranse **circunstancias que agravan** a responsabilidade:

a) A intención dolosa e a aleivosía.

b) A premeditación e a reiteración.

c) O abuso de poder, de forza ou de confianza.

d) O uso da violencia, de actitudes ameazadoras, desafiantes ou irrespectuosas, de menospréceo continuado e de acoso dentro ou fóra do Centro.
e) A falta de respecto e consideración ao profesorado, ou persoal non docente e ao resto de membros da comunidade educativa.
f) As manifestacións, intencións e/ou condutas que atenten contra o dereito a non ser discriminado por razón de nacemento, raza sexo, lingua, situación económica, nivel social, convicciónns políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, psíquicas ou sensorias ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
g) Os actos realizados de forma colectiva que vaian en contra dos dereitos dos demais membros da comunidade educativa.
h) Os actos realizados contra quen se encontre en situación de inferioridade, minusvalía, recente incorporación ao Centro ou situación de indefensión.
i) A publicidade das infraccións, a través de aparatos electrónicos ou por calquera medio e ou carácter de ignominia.
j) A incitación a calquera acto contrario ás normas de convivencia.
k) A non asunción de responsabilidades nos actos e, especialmente, a imputación destes a outros.
l) A alarma social causada polas condutas perturbadoras da convivencia, con especial atención aos actos que presenten características de acoso ou intimidación a outro alumno.
m) A gravidade dos prexuízos causados ao Centro ou a calquera membro da comunidade educativa.

As normas de convivencia serán de aplicación a calquera actividade desenvolvida no recinto escolar, nas actividades complementarias e extraescolares, servizos educativos complementarios, así como as vinculadas ás entradas e saídas do Centro.

9.2.2.- Aplicación da corrección

As **medidas de corrección** que se poden adoptar no caso de **condutas contrarias ás normas de convivencia** son as seguintes:

a) Amoestación directa do profesor, de forma oral ou escrita.
b) Suspensión do dereito a permanecer no lugar onde se estea levando a cabo a actividade durante o tempo que estime o profesor/a e/ou saída da clase a unha aula de convivencia, biblioteca ou aula dirixida.
c) Comparecencia inmediata ante a dirección.
d) Realización de traballos específicos en horario non lectivo.
e) Privación do tempo de recreo por un período máximo de dúas semanas, que será substituído por unha actividade alternativa de mellora da convivencia e/ou de conservación dalgún espazo do Centro ou de reparación de danos.

f) Realización de tarefas educadoras para o alumno, en horario non lectivo e/ou, si procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións, material do Centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa por un período non superior a un mes.
g) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do Centro ou en actividades de carácter non estritamente curricular que se leven a cabo no Centro por un período non superior a un mes.
h) Cambio de grupo ou clase do alumno, en todas ou algunhas materias, por un período máximo de dúas semanas.
i) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período non superior a tres días lectivos. Durante o desenvolvemento destas clases o alumno deberá permanecer no Centro efectuando os traballos académicos que se lle encomenden, por parte do profesorado que lle imparte docencia.
j) Suspensión do dereito de asistencia ao Centro por un período non superior a tres días lectivos, debendo realizar os traballos académicos que determine o profesorado para evitar a interrupción no proceso formativo.

Nestes casos, con carácter inmediato á conduta do alumno que perturbe a convivencia no Centro, o órgano competente levará a cabo unha ou varias das actuacións previstas no apartado anterior, acompañadas, se se considera preciso, de esixencias de petición pública ou privada da desculpas.

As medidas de corrección que se poden adoptar no caso de **condutas gravemente prexudiciais para a convivencia** no Centro son as seguintes:

a) Realización de tarefas fóra do horario lectivo que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro por un período máximo dun mes.
b) Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias ou extraescolares do Centro, así como en actividades non directamente educativas, por un período entre un mes e/ ou o tempo que reste ata a finalización do curso.
c) Cambio de grupo por un período entre dúas semana e/ou o tempo que reste ata a finalización do curso.
d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período comprendido entre tres e dez días lectivos. Durante estes períodos, o alumno deberá permanecer no Centro efectuando os traballos académicos que se lle encomenden por parte do profesorado que lle imparte docencia.
e) Suspensión do dereito de asistencia ó Centro por un período máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar os traballos académicos que determine o profesorado para evitar a interrupción no proceso formativo. O orientador/a será a persoa encargada de xestionar a entrega e recollida das tarefas nos días e horas que previamente se fixarán e notificarán, por escrito, ao alumno/a e a súa familia.

f) Expediente disciplinario, aplicando unha sanción que conleve a suspensión do dereito de asistencia ao Centro por un período máximo dun mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar os traballos académicos que determine o profesorado para evitar a interrupción no proceso formativo. O orientador/a será a persoa encargada de xestionar a entrega e recollida das tarefas nos días e horas que previamente se fixarán e notificarán, por escrito, ao alumno/a e a súa familia.

g) Cambio de Centro previo informe da Inspección Educativa.

A imposición das sancións recollidas no apartado anterior deberán comunicarse aos pais do alumno; a non comparecencia destes ás citacións de comunicación das sancións non impide ni paraliza a súa aplicación.

9.2.3.- Competencias para a aplicación da corrección

A aplicación das medidas correctoras e sancións no caso das **condutas contrarias ás normas de convivencia** son:

a) Calquera profesor do Centro para a aplicación das correccións previstas nos apartados a), b), c), d). O profesor informará ao titor do alumno da aplicación destas medidas.
b) O profesor titor do alumno para os supostos expresados no apartado anterior e para os sinalados no apartado e). O titor informará en todo caso á Xefatura de Estudos da aplicación destas medidas.
c) A Orientadora para as medidas recollidas nos apartados anteriores, xunto aos apartados f), g), e h).
d) A Directora do Centro en todos os casos reseñados.
e) A suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou da asistencia ao Centro – apartados i), j)- poderá impoñela unicamente a Directora, quen informará á Comisión de Convivencia.

De calquera medida correctora ou sanción que se aplique deber quedar constancia escrita, nos documentos que o Centro dispón para este fin, con explicación da conduta do alumno que a motivou.

A imposición das sanción recollidas nos apartados a) (cando sexa escrita), f) e j) do apartado anterior deberán comunicarse mediante citación aos pais. A non asistencia ás citacións de comunicación das sancións non impide nin paraliza a súa aplicación.

O procedemento de comunicación e notificación no relacionado coas sancións, realizarase mediante entrevista persoal cos pais/nais e/ ou titores legais. Cando a entrevista persoal non sexa posible comunicarase telefonicamente e/ou por correo certificado.

Para a imposición das correccións e medidas disciplinarias – letras f) a j)- será preceptivo, en todo caso, o trámite de audiencia do alumno. Deberase iniciar o procedemento no prazo máximo de dous días lectivos dende que se tivo coñecemento da comisión da falta, sen prexuízo das medidas de aplicación inmediata que se adoptaran.

A Directora, oído o/a titor/a , adoptará a decisión nun prazo máximo de cinco días lectivos, tras oír ao alumno e á súa familia.

A presentación dunha reclamación ante a imposición de calquera das medidas previstas non suporá a paralización da medida ou sanción, polo que deberá cumprirse mentres o órgano competente resolva sobre a súa confirmación ou anulación.

A aplicación das sancións ante **condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do Centro** corresponde á Directora, sen prexuízo da facultade de delegación na Xefatura de Estudos no previsto nas letras a,b,c e d. Nestes casos informará das medidas á Comisión de Convivencia. No caso das sanción previstas nas letras e), f,g, será precisa a previa instrución de expediente disciplinario, , independentemente da necesaria adopción a medidas inmediatas..

O procedemento de comunicación e notificación no relacionado ás sancións realizarase mediante entrevista persoal cos pais/nais e/ ou titores legais. Cando a entrevista persoal non sexa posible comunicarase telefonicamente e/ou por correo certificado si fóra necesario.

Para a imposición das correccións e medidas disciplinarias previstas no apartado anterior –letras a) a d)- será preceptivo, en todo caso, o trámite de audiencia ao alumno. Deberase iniciar o procedemento no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento da comisión da falta, sen prexuízo das medidas de aplicación inmediata que se adoptaran.

A Directora, oído o titor/a, adoptará a decisión nun prazo máximo de cinco días lectivos, tras oír ao alumno e a súa familia.

A presentación dunha reclamación ante a imposición de calquera das medidas previstas non suporá a paralización da medida ou sanción, polo que deberá cumprirse mentres o órgano competente resolva sobre a súa confirmación ou anulación.

Para a instrución do expediente disciplinario aterémonos ao decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

9.2.4.- Suspensión das sancións

Si se chegara a unha solución mediada do acto ou conduta contraria ou gravemente prexudicial ante as normas de convivencia, a Directora do Centro poderá levanta unha sanción.

Para exercer esta potestade deberanse cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter solucionado de modo pacífico o problema e ter reparado os posibles danos.
b) Petición do alumno ou da familia.
c) Constatación dun cambio favorable na actitude do alumno.
d) Escrito no que conste o compromiso do alumno de non volver levar a cabo actos que afecten negativamente á convivencia do Centro e de manter unha actitude positiva cara o estudo e de respecto cara a comunidade educativa.
e) Escrito no que conste o compromiso da familia do alumno de participara activamente na educación do seu fillo.

9.2.5.- Prazos de prescrición

As faltas relacionadas con condutas contrarias ás normas de convivencia do Centro, así como calquera medida que puidera ser imposta ante elas, prescriben no prazo de 3 meses, a partir da data en que os feitos se produciron e a partir da data na que a sanción se comunicou ao interesado.

As faltas relacionadas con condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do Centro, así como calquera medida que puidera ser imposta ante elas, prescriben no prazo de 6 meses, a partir da data na que os feitos se produciron e a partir da data na que a sanción se comunicou ao interesado.

9.2.6.- Outras situacións de conflito no centro

Responsabilidade e reparación de danos.

Os alumnos que individual ou colectivamente causen dano de forma intencionada, ou por neglixencia, ás instalacións do Centro, quedan obrigados, como parte da sanción, a reparar o dano causado ou facerse cargo do custe económico da súa reparación. Igualmente, os alumnos que subtraesen bens no Centro deberán restituír o subtraído. As familias responderán civilmente no marco previsto na normativa vixente.

Faltas de asistencia e absentismo escolar.

Son faltas inxustificadas de asistencia a clase ou de puntualidade (a partires de dez minutos) dun alumno as que no sexan xustificadas pola familia.

As faltas de asistencia a clase de modo reiterado deberán ser xustificadas por escrito, xa que dificultan o aproveitamento e a aprendizaxe dos alumnos/as; así como a avaliación continuada por falta de datos, o que repercute na cualificación final da materia correspondente. Tal feito constará no informe académico do alumno.

10.- RESPONSABILIDADE DOS DIFERENTES ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE

10.1.- Profesores

En primeira instancia, corresponde aos profesores de cada grupo, a prevención dos conflitos e o cumprimento das normas de convivencia tanto na aula como no resto das dependencias do Centro e nas actividades complementarias/extraescolares que se desenvolvan fóra do recinto escolar.
Todos os profesores están obrigados a participar na resolución de conflitos no ámbito do Centro Escolar.

10.2.- Claustro de profesores/Órganos de coordinación docente

O claustro, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 129 da Lei orgánica 2/2006, terá as seguintes funcións:
a) Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
b) Participar na avaliación anual da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.
c) Propor actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

10.3.- Titores

Corresponde aos titores, a coordinación dos profesores que imparten docencia no grupo de alumnos da súa titoría, mediando entre profesores, alumnos e familias.

Os titores elaborarán por escrito, xunto ao seu alumnado as normas de convivencia aplicables no Centro e na aula; facendo fincapé en que aparezan recollidas todas as normas establecidas polo centro.
Os titores terán coñecemento das actuacións inmediatas e das medidas adoptadas polos profesores que imparten docencia no seu grupo de titoría e/ou da dirección do centro co obxecto de coñecer os conflitos e intervir, se é necesario para conseguir un adecuado marco de convivencia.

10.4.- Dirección do Centro

1. Ao equipo directivo do centro correspóndenlle as seguintes funcións:
a) Elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da comisión de convivencia, mentres esta non estea constituída.
b) Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.
2. A dirección, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 132 da Lei orgánica 2/2006, terá as seguintes funcións en materia de convivencia:
a) Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
b) Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.
c) Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.
3. De conformidade co artigo 132.f) da Lei orgánica 2/2006, correspóndelle á dirección a imposición das medidas correctoras, sen prexuízo do establecido no artigo 44 deste decreto, consonte o artigo 26 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.
4. Á xefatura de estudos correspóndenlle as seguintes funcións, en materia de convivencia:
a) Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no plan de convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro.
b) Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción titorial e de atención á diversidade do centro.
c) Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro.
d) Organizar a atención educativa do alumnado ao que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro

A dirección poderá delegar noutros órganos e membros da comunidade educativa a competencia para a imposición de medidas correctoras ou sancións e, no seu caso, das incentivadoras que procedan.

A Dirección do Centro comunicará aos Servizos Sociais, Ministerio Fiscal e/ou Consellería de Educación, calquera feito que considere poda ser constitutivo de delito ou falta perseguible penalmente.

10.5.- Consello Escolar

Ao Consello Escolar correspóndelle:

- ✓ Aprobar o Plan de Convivencia e o Regulamento de Organización e Funcionamento do Centro.
- ✓ Velar polo correcto cumprimento dos dereitos e deberes dos alumnos.
- ✓ Proporcionar medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no Centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos.
- ✓ Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se ateñan á normativa vixente.

10.6.- Comisión de convivencia

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.

b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflictan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

11.-PREVENCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

"Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

A dirección dos centros docentes e os titulares dos centros concertados e dos centros privados, así como a Administración educativa, adoptarán as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.

A protección da vítima garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza,o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras".

12.-PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

a)Realización de campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a el.

b)Establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar.

c)En caso de detección dunha situación de acoso escolar tomaranse as medidas necesarias para poñerlle fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, a dirección do centro designará unha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal do propio centro docente, procurando, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

d)Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecemento da mediación realizada por alumnado do centro.

e)As situacións de acoso escolar que se detecten serán comunicadas á inspección educativa, xunto coas medidas que se adopten para poñer fin a elas. No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do concello, ao equipo de

orientación específico e/ou á Fiscalía de Menores para facilitar e desenvolver as medidas máis axeitadas para apoiar á vítima e solucionar o problema.

12.- DIFUSIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Unha vez finalizada a elaboración do Plan de Convivencia, darase a coñecer ao Claustro de Profesores, para o seu informe e ao Consello Escolar para a súa aprobación.

A partir deste momento procederase a súa difusión a través dos medios posibles: reunións, entrevistas, páxina web, trípticos, ... A Comisión de Convivencia ten como tarefa facer o seguimento periódico e sistemático do mesmo. Dado que na composición desta están representados todos os sectores da comunidade educativa, serán os membros da Comisión os encargados de recoller a información en cada un dos seus estamentos para sometela a análise, valorala e propoñer os axustes necesarios de maneira inmediata.
Ao comezo da cada curso escolar, revisarase o Plan de Convivencia co obxecto de analizar a evolución do estado da convivencia no Centro e incorporar ao mesmo as propostas de mellora recollidas na memoria do curso anterior. Esta revisión será aprobada polo Consello Escolar e incluída na Programación Xeral Anual.

ANEXOS:

Os documentos de recollida de datos, comunicacións á familia, compromisos de convivencia, ... recóllense no NOFC do Centro.

MODELO DE COMPROMISO DE CONVIVENCIA

D./Dª _____ representante legal do alumno/a _____ matriculado/a neste centro no curso escolar _____, no grupo ____

E D./Dª _____ en calidade de titor/a docente de dito/a Alumno/a, comprométense a:

COMPROMISOS QUE ADQUIRE A FAMILIA

_ Asistencia diaria e puntual do alumno/a ao centro.

_ Asistencia ao centro cos materiais necesarios para as clases.

_ Colaboración para a realización das tarefas propostas polo profesorado.

_ Colaboración con centro para a modificación da conduta do alumno/a e seguimento dos cambios que se produzan.

_ Entrevista semanal/ quincenal/ mensual con titor ou titora docente do alumno/a.

_ Colaboración para mellorar a percepción por parte do alumno/a do centro e do profesorado.

_ Outros: _____

_____

COMPROMISOS QUE ADQUIERE O CENTRO

_ Control diario e información inmediata aos representantes legais sobre a ausencia do alumno/a.

_ Seguimentos dos cambios que se produzan na súa actitude e información á familia.

_ Aplicación de medidas preventivas para mellorar a súa actitude (compromiso de reparación de danos etc.)

_ Entrevista entre o representante legal do alumno o alumna e o titor ou titora docente coa periodicidade establecida.

_ Outros: _____

_____

a____ de _____ de

Ó Titor/a Docente os Representantes Legais

Asdo.- _____ Asdo.- _____

Vº Bº Director/a

(Selo do centro)

Asdo.- _____

FICHA DE SEGUIMENTO DO CONTRATO DE CONVIVENCIA

Alumno/a: _____

Curso: _____ Datas: do _____ a _____

El alumno/a ao finalizar cada clase deberá solicitar ao profesor/a correspondente que le firme a casilla no caso de ter mantido una actitude correcta durante o desenvolvemento de a mesma. Ao final do día esta ficha deberá ser firmada polo pai ou nai. Este seguimento do contrato de convivencia farase durante as semanas que determinen el titor/a docente e os pais do alumno/a)

Sesións	**Luns**	**Martes**	**Mércores**	**Xoves**	**Venres**
1ª	Área:	Área:	Área:	Área:	Área:
2ª	Área:	Área:	Área:	Área:	Área:
3ª	Área:	Área:	Área:	Área:	Área:
4ª	Área:	Área:	Área:	Área:	Área:
5ª	Área:	Área:	Área:	Área:	Área:
Recreo					

Contraparte.

Outra de las medidas de carácter preventivo, que sirve para previr o agravamento das alteracións da convivencia do alumnado que presente problemas de conduta e establece mecanismos de coordinación entre o profesorado e outros profesionais que atenden ao alumno/a é o contraparte.

O contraparte é a opción que ten un alumno/a de anular un parte de incidencias e as súas consecuencias, ante una conduta contraria ás normas de convivencia.

Procedemento:

1.- O alumno/a comete una conduta contraria a las normas de convivencia.

2.- O profesor/a decide encher un parte de incidencias.

3.- O alumno/a despois de falar co profesor/a decide pedir un contraparte na Xefatura de Estudos, no mesmo día que ocorren os feitos.

4.- Ao finalizar cada clase o alumno/a debe solicitar ao profesor/a correspondente que lle firme o casilleiro no caso de ter mantido una actitude correcta durante el desenvolvemento da mesma.

5.- Se consegue reencher de firmas todos los casilleros dunha semana, o parte de incidencias que se lle puxo quedará anulado.

CONTRAPARTE

Alumno/a:_____

Curso:_____ Data: do_____ao_____

Sesións	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª	Área	Área	Área	Área	Área
	_	_	_	_	_
2ª	Área	Área	Área	Área	Área
	_	_	_	_	_
3ª	Área	Área	Área	Área	Área
	_	_	_	_	_
4ª	Área	Área	Área	Área	Área
	_	_	_	_	_
5ª	Área	Área	Área	Área	Área
	_	_	_	_	_
Recreo	_	_	_	_	_

O Xefe/a de Estudos

MODELO DE COMPROMISO DE REPARACIÓN DE DANOS A PERSOAS

Eu, _____ alumno/a matriculado/a neste centro no curso escolar _____, no grupo ____

Comprométome a reparar o dano causado a:

(Nome e apelidos das persoas afectadas)

_____

_____

pola falta de respecto á súa persoa insultándolle/ gritándolle/ golpeándolle/ impedindo o desenvolvemento da clase/ impedíndolle facer o seu traballo_____ *(Subliñar o que proceda).*

Para elo vou realizar as seguintes actividades *(marcar con una X)*

_ Pedir desculpas

_ Axudarlle nalgunha actividade de clase, explicarlle algunha dúbida, _____

_ Invitarlle a xogar durante el recreo.

_ Outras: _____

a ____ de _____ de _____

O alumno/a O titor/a

Asdo.- _____ Asdo.- _____

Compromiso de reparación de danos ao material.

Si o dano fose ao material dalgunha persoa ou do centro o modelo de contrato que o alumno/a podía solicitar firmar sería el seguinte modelo.

MODELO DE COMPROMISO DE REPARACIÓN DE DANOS AO MATERIAL

Eu, _____ alumno/a

matriculado/a neste centro no curso escolar _____, no grupo _____

Comprométome a reparar o dano causado ao material de:

(Nome e apelidos das persoas afectadas do centro)

Para elo vou realizar as seguintes actividades *(marcar cunha X)*

Pedir desculpas
Arranxalo, reparalo, comprarlle un novo, _____
Outras: _____

a ____ de _____ de _____

O alumno/a O tutor/a

Asdo.: Asdo